

## ALGUNHAS REFLEXIONS SOBRE BILINGUISMO E ENSINO

María Laura Illobre González

### Condicionamentos sociais da linguaxe.

**I**ndependientemente da lingua aprendida e da cultura que a través dela se expresa o neno empeza a falar da mesma maneira, aproximadamente á mesma idade e pasando polas mesmas etapas. Sen embargo non aprende a mesma lingua. Pódese comprobar observando a variedade de linguas existente. Pero ademais porque, incluso tratándose da mesma lingua, os seus falantes non o fan da mesma forma e hai diferencias importantes segundo o lugar xeográfico e segundo os grupos sociais. Diferencias que inflúen na fala de cada individuo e de cada familia e, dado que o neno aprende en primeiro lugar a lingua que se usa no seu entorno familiar, resultarán diferencias importantes nas aprendizaxes lingüísticas dos nenos segundo o medio social ó que pertencen.

Dende un punto de vista sociolingüístico, o poseer unha lingua propia ou unha variedade lingüística propia reforza a consistencia interna do grupo. E unha maneira de diferenciarse, incluso de defenderse ou, en todo caso, de afirmarse fronte ós demais. Dende fóra, a linguaxe propia do grupo identifica ós seus membros e concédelle-lo prestixio ou desprestixio correspondente á función do grupo na Sociedade.

Tódalas vantaxes que o feito de falar unha lingua propia dálle ó membro dun grupo, convírtense en desvantaxes á hora de desprazarse, de cambiar de territorio ou de grupo social. A integración no novo grupo deberá acompañarse dunha integración lingüística, o que non sempre é doado (emigración, sociedades diglósicas).

Pero á veira desta función social identificadora e diferenciadora, as linguaxes propias de cada grupo teñen un significado máis profundo en relación coa natureza do propio grupo e as súas necesidades expresivas e comunicativas.

A linguaxe de calquera grupo consiste en primeiro lugar nun conxunto de palabras que significan conceptos relacionados cos membros do grupo e co entorno que lles rodea. Pero a linguaxe de cada grupo, ademais desta especialización semántica reflexa na súa propia estrutura a maneira como o grupo entende a realidade e como pretende comunicala de acordo coa súa función social. Así temos que a linguaxe do cidadán será diferente da linguaxe do labrego non só polo seu vocabulario senón, e como causa máis importante, porque reflexa formas de vida e comunicación totalmente diferentes.

As diferencias entre as línguas non son accidentais. Cada lingua é un reflexo da cultura que expresa, e esta é o resultado da maneira de ser dun pobo, da súa forma de sentir e de coñece-la realidade. É dicir que a relación entre lingua e sociedade enténdese, en primeiro lugar, a través da cultura propia de cada pobo.

O longo do século XIX, esta identificación lingua-cultura-pobo adquire unha connotación política. A revolución francesa identificou pobo e nación e, a continuación, nación e estado. Conságrase o ideal do estado nacional paralelo á cultura nacional. A lingua convértese en símbolo de nacionalidade e, como consecuencia, os estados nacionais, no nome da unidade nacional, impoñen a unificación lingüística.

Compréndese facilmente como este enfoque repercute sobre o noso tema. Se se considera á lingua como expresión dunha cultura nacional e o uso dunha lingua como mostra de solidariedade nacional, entón o importante é destaca-lo carácter común e indiferenciado da lingua.

Esta actitude é moi clara no caso das línguas estatais. Nun estado nacional pretenderase que a lingua sexa única, igual para todos, porque é o símbolo da unidade nacional e tamén para ser coherente na súa función no estado. Tódolos textos e tódolos medios, prensa, radio, televisión, deben poder ser entendidos da mesma maneira por tódolos cidadáns. Esta esixencia de unicidade ten a súa formulación mais clara na programación do ensino.

Creemos que co dito anteriormente queda claro que, na medida que considerémo-la lingua como manifestación dunha cultura e expresión dunha comunidade nacional, centrarase a atención nela e esquenceranse as distintas linguas e culturas que poidan existir dentro do estado, considerando este como estado nacional (1).

Produciuse, sen embargo, nas últimas décadas, unha viva sensibilización cara á educación bilingüe. Un dos factores que máis contribuíron a este fenómeno foi o despertar do que se deu en chamar “minorías culturais”, frecuen-

temente non tan minorías, e que manifestaron unha grande vitalidade na defensa e conservación das súas propias culturas.

Produciuse, a súa vez, un fenómeno de solidariedade e simpatía internacionais, incluso entre as culturas dominantes, de maneira que hoxe vívese coma un perigo ou ameaza internacional a desaparición dunha lingua e a súa cultura.

A súa vez aparecen novas organizacións políticas mais extensas, de carácter federal, que fan aumenta-la necesidade de dotar de dúas ou mais linguas a grandes masas da poboación, ata hoxe monóglotas, e que se ven precisadas a utilízalas na súa vida profesional, política, cultural ou familiar.

O fenómeno do bilingüismo é un feito en extensión crecente. Non retrocede, senón todo o contrario.

A educación bilingüe non é un tema mais dentro do campo das Ciencias da Educación, senón que se converteu nunha corrente universal e constitúe un dos rãsgos mais específicos e característicos da educación contemporánea (2).

Aparte das consideracións anteriores, dende unha perspectiva estrutural, faise cada vez máis evidente que a idea de bilingüismo foi obxecto dun evidente manexo ideolóxico. A primeira dificultade é, sen dúbida, a amplitude do concepto.

A noción de bilingüismo chegou a aplicarse a realidades moi diversas e, ata certo punto, contradictorias. En efecto, con este término preténdese identificar dende as situacións simples, nas que determinados individuos (como elementos particulares ou ben como membros dunha comunidade) usan alternadamente dúas linguas, ata os fenómenos específicos de diglosia, donde un idioma formal superponse a outro reducido a lingua coloquial. Non faltou quen introducira nesta mesma noción as dicotomías expresivas entre lingua escrita e lingua oral, lingua común e lingua dialectal, etc.

O problema non radica só nunha boa definición e aplicación do concepto, senón tamén, e quizais de modo fundamental, en determina-las razóns polas que a nosa sociedade chegou a utilizalo como argumento dialéctico: en certos casos imaxínase que o bilingüismo ofrécese como unha especie de mal absoluto. Invariablemente as críticas do bilingüismo como rótulo ideolóxico responderon a unha finalidade fundamental de desacreditar un dos dous lados da controversia (3).

Convén que centrémo-lo problema á marxe do dito antes. A primeira cuestión é a concreción da noción de bilingüismo e a falta de determinación do seu propio plano conceptual. ¿A qué tipo de fenómeno nos referimos cando usámo-la palabra bilingüismo? ¿A qué nivel de comportamento lingüístico corresponde?

## **Bilingüismo e diglosia.**

Sinalemos que a idea de bilingüismo relaciónase no noso enfoque cun tipo de situación lingüística propia da conducta individual.

O bilingüismo consiste na facultade que posee un individuo de saber expresarse nunha segunda lingua, adaptándose fielmente ós conceptos e estruturas propios da mesma, sen parafrasea-la lingua nai. A persoa bilingüe ten a facultade de saber expresarse en calquera das dúas linguas, sen dificultade, cada vez que xurda a ocasión. Polo tanto o bilingüismo implica a presenza no mesmo sistema neuro-síquico, de dous esquemas paralelos, pero enteiramente diferentes na conducta verbal. O bilingüe ten dous sistemas lingüísticos independentes e paralelos, gracias ós que o seu pensamento está directamente vinculado á expresión verbal propia de cada unha das linguas. O bilingüe ten o control simultáneo de dous sistemas lingüísticos (4). Nun principio, non pode afirmarse a existencia de comunidades bilingües e sí de individuos bilingües. Do segundo non cabe inferi-lo primeiro. Afirmariamos, para expresarnos brevemente, que o bilingüismo é un asunto privado: fai referencia á biografía individual e ós contornos concretos nos que determinados individuos viven. O seu estudio corresponde á microsociolingüística.

Agora ben, se buscamos a determinación causal deste fenómeno, examinaremos en que tipo de estrutura sociolingüística se produce. Este enfoque obríganos a abandoa-la observación microsociolingüística do fenómeno para entrar nun nivel macrosociolingüístico. Mais alá do bilingüismo, ¿atopámonos diante dun proceso de normalización ou planificación lingüística, son predominante-las áreas de consenso ou de conflito social, existe un auténtico proceso de substitución, atopámonos diante da situación de diglosia tradicional ou tradicionalizada? O plantexarmos todas estas cuestións trasladámonos do ámbito das inquiredanzas privadas do medio ó dos problemas públicos de estrutura.

Debemos engadir tamén una nova calificación. O bilingüismo, ademais de tratarse dun concepto propio da conducta individual, elaborado por lingüistas e sicólogos, implica un mesmo "status" de poder ou de prestixio nos dous idiomas. Supón que unha lingua estea ó lado doutra, polo menos, en principio, nun mesmo plano. Os puntos importantes para nós son:

- Que posición ocupa cada unha das linguas nunha situación de dualidade lingüística.
- Que función está destinada a desempeñar unha lingua dentro do conxunto cultural.
- Cales son os módulos de comportamento lingüístico.

Para contestar estes interrogantes compre aborda-los problemas da diglosia.

O concepto de diglosia exténdese a aquelas situacións nas que se produce unha escisión ou superposición lingüística entre unha variedade ou lingua “alta” (A), que se utiliza na comunicación formal —literatura, relixión, ensino, etc.— e unha variedade ou lingua “baixa” (B), normalmente pouco cultivada, que se usa nas conversacións de carácter non formal ou familiar. Esta escisión caracterízase pola coexistencia de dous códigos ou modelos de comportamento lingüístico. Impón as súas pautas valorativas, que designaremos ideoloxías diglósicas. A separación funcional entre ámbalas dúas variedades lingüísticas, amplamente aceptada, pode tender a estabilizarse.

O bilingüismo, como xa dixemos, é unha situación propia do comportamento lingüístico individual. A diglosia fai referencia a un tipo de organización lingüística a nivel sociocultural. A diglosia implica unha diversificación de funcións, mentres que no bilingüismo as dúas variedades lingüísticas cumpren funcións iguais, é dicir, son usadas ámbalas dúas no ámbito das relacións formais e no das relacións non formais.

A diglosia non se mide polo volumen abstracto de prestixio ou de poder dos idiomas, senón polo papel que desempeñan nas sociedades históricas. Por suposto que estamos a falar de niveis de poder e prestixio na medida en que afectan ás funcións lingüísticas, e non de cualidades ou aptitudes intrínsecas que determinen calquera tipo de xerarquización idiomática. O que queremos significar é que, no marco dunha sociedade concreta, poden ofrecerse dous ámbitos culturais A e B, cando nos falantes do idioma A existe unha maior cantidade de poder que nos falantes do idioma B. Darémonos conta inmediatamente que esta polaridade transformarase noutra de carácter ideolóxico (5).

#### **Problemas que pode plantexalo bilingüismo no desenvolvemento da personalidade do individuo.**

A existencia de verdadeiros bilingües plantexa ó desenvolvemento da personalidade dous tipos de problemas:

- a) En primeiro lugar están os que afectan á relación entre linguaxe e pensamento.

O que caracteriza ó bilingüe, ademais de súa capacidade de empregar dúas línguas, é a súa capacidade de pasar dunha lingua a outra, no curso dun mesmo proceso de pensamento ou dunha mesma comunicación, no momento en que cambian determinadas circunstancias que fan aconsellable o cambio.

A capacidade de pasar dunha lingua a outra no curso dun mesmo proceso, demostra que o individuo bilingüe non traduce cando emprega unha ou outra lingua. Pero demostra tamén, e sobre todo, que o proceso mental, a actividade intelectual, é relativamente independente da súa expresión verbal. Só así pódese entender que un discurso, escomenzado nunha lingua, poida continuarse noutra. Esta alternancia é posible porque os procesos mentais, e en último término a identidade do suxeito, non se confunden coas súas expresións verbais. Como consecuencia disto o suxeito é consciente do seu bilingüis-

mo. Sabe cando fala na lingua A e cando fala na lingua B. Sabe que ó falar na lingua B pretende significa-lo mesmo que diría na lingua A, e é capaz de vulgar en que medida o consegue.

A actividade intelectual ten unha función integradora da personalidade e a súa vez unificadora da mesma. Na medida en que se identifique pensamento e linguaxe a unicidade de funcionamento da personalidade parece incompatible co bilingüismo. A existencia de verdadeiros bilingües só resulta comprensible se se admite unha distinción entre os procesos de pensamento e a súa expresión verbal. Que o bilingüe sexa capaz de xulga-lo éxito do seu bilingüismo, de decidir en que medida o seu discurso nunha lingua equivale ó seu discurso na outra lingua que posee, é proba de que o individuo bilingüe non se confunde coas súas expresións verbais e, polo tanto, de que a identidade personal é compatible co feito de ser bilingüe (6).

Pero aínda que o bilingüismo non rompa a unidade da personalidade, isto non significa que non provoque problemas. Os verdadeiros e graves problemas do bilingüismo atopámoslos no que a continuación segue.

b) Un segundo tipo de problemas refírese á relación entre lingua e cultura. A personalidade individual estrutúrase en función da cultura na que se integra, e cada cultura exprésase nunha lingua determinada. O bilingüe que ten dúas linguas e que, polo tanto, adscíbese a dúas culturas, parece que non pode ter unha personalidade unificada, senón necesariamente escindida. Pero esta conclusión só é válida se as dúas culturas aparecen en conflito (diglosia).

Nas dúas perspectivas consideradas, o bilingüismo parece resultar perfectamente posible e compatible coa unidade da personalidade. Sen embargo, a experiencia demostra que os individuos bilingües teñen frecuentemente graves problemas pessoais. A razón é que as linguas e as culturas preséntansenos unidas a grupos sociais, étnicos ou nacionais que coexisten en situacións de tensión ou de conflito. Para o bilingüe o uso dunha ou doutra lingua implica unha opción personal.

A través da lingua o individuo incorpórase á cultura, xa que participa dela. Pero ademais, a través da lingua o individuo incorpórase ó grupo xa que participa dos valores culturais do grupo e xa que fala-la mesma lingua é condición e signo visible de formar parte do grupo. Na medida en que o grupo ten obxectivos políticos, o emprego da lingua será unha forma de solidariedade e de fidelidade ó grupo e a súa cultura.

Baixo esta perspectiva, o bilingüismo significa, non só a participación en dúas culturas distintas, senón tamén a pertenza, querida ou imposta, a dous grupos sociais distintos ou, mais exactamente, a un grupo social en situación conflictiva. De aí derívanse conflitos pessoais variados que conducen a diferentes actitudes que poden adoita-los individuos implicados neles:

- Aceptación da xerarquía entre as linguas.
- Identificación ca lingua dominante.
- Defensa da lingua minoritaria.
- Actitudes ambiguas por imposibilidade de opción.

#### **Novas tendencias sobre o enfoque do problema.**

Tendo en conta o anterior, estase a prestar, internacionalmente, unha especial atención ós numerosos problemas do bilingüismo e das linguas nais.

A Unesco traduce esta atención no desexo profundo de democratización da educación, de asegura-lo dereito de acceso e de igualdade de oportunidades para todos, de garantir posibilidades de enriquecemento e de desenrolo do individuo, da súa promoción cultural e social e da valoración da súa propia lingua e cultura, base e elemento esencial da educación.

Baixo este punto de vista, a Unesco traballa na promoción do dereito de igualdade de toda lingua e da civilización que ela traduce. Polo tanto, o bilingüismo concíbese en términos de complementariedade, de enriquecemento mútuo e non coma a creación de condicións favorables para a implantación dunha lingua, en perxuicio da lingua nai e en proveito daquela.

O bilingüismo, en términos de educación, non é, en consecuencia, unha etapa preparatoria cara ó monopolio dunha lingua de grande difusión, que se reserva ó ensino de nivel secundario ou superior, mentres que a lingua nai mantense ó longo dos primeiros anos de escolarización e que o seu estudio séguese, nos outros niveis de escolarización, a modo de materia académica ou exótica.

A educación para todos é inconcebible se non se toma en consideración o papel das linguas nais, vehículo das culturas autóctonas. A cuestión da lingua nai (nacional, a lingua falada polo pobo dun país, dunha rexión), é vital en todo sistema educativo e aínda mais en países en desenrolo ou recentemente liberados que buscan construí-la súa propia sociedade.

Na práctica, o esforzo realizado nos programas da Unesco, artículase ó redor de dous eixes:

- a) A promoción da lingua, cultura e civilización maternas.
- b) O estudio da segunda ou de toda outra lingua complementaria, e a creación de mellores condicións pedagóxicas e psicolóxicas para a aprendizaxe dunha lingua distinta á materna (7).

A incidencia e desenrolo destas correntes educativas en España é especialmente interesante por varios aspectos.

Unha grande parte da poboación infantil procede dunha familia na que a lingua usual non é o castelán, senón o galego o euskera ou o catalán. Estes

nenos reciben unha escolarización xeneralmente castelá, aínda que de feito participan de forma asistemática nunha educación bilingüe e bicultural diferenciada nos dous ambientes: escola e fogar. Nalgúns casos a escola, consciente disto, asume profesionalmente e con responsabilidade unha sistematización e cultivo de ámbalas dúas linguas. Afortunadamente este movemento esténdese e, aínda que é difícil saber con exactitude o número de alumnos que aquí e agora reciben unha educación bilingüe, sí cremos oportuno sinalar que unha auténtica educación bilingüe non consiste só en ensinalas dúas linguas, senón ensinar nas dúas linguas, de forma que ámbalas dúas poidan ser instrumento e vehículo da aprendizaxe.

Por outra banda, non só se trata de que o neno de fala galega, euskera ou catalana empregue a lingua castelá, senón que os nenos castelán-falantes destas zonas poidan e saiban domina-la outra lingua como medio de interrelación social. Isto implica unha xeralización das experiencias en tódalas escolas (públicas e privadas).

Nas demais rexións unilingües, a escola ten unha misión importantísima na creación de actitudes cara ás distintas linguas estatais en canto a conseguir un recoñecemento e unha valoración positiva das mesmas.

Pero hai que considerar ademais que, cada vez en mais nacións desenroladas cunha soa lingua existente, implántase plans educativos nos que, dunha forma sistemática, gradual e progresiva, introdúcese a tódolos alumnos, dende os primeiros anos escolares, nunha segunda lingua extranxeira das chamadas de comunicación internacional, que son consideradas coma un obxecto fundamental nunha cultura básica do home contemporáneo. Incluso chega a considerarse o bilingüismo coma un ben nacional.

Así, parece que en España debe enfocarse unha educación que desemboque seriamente no dominio práctico dunha lingua extranxeira ó rematar unha formación básica. Para as zonas xa bilingües isto supón levar a cabo non só unha educación bilingüe, senón trilingüe ou plurilingüe.

Todo isto presenta multitude de problemas e preguntas que indubidablemente deberanse estudar en cada caso. Pois non existe unha educación bilingüe, senón moitas. Non é o mesmo un bilingüismo español-inglés tal como pode plantexarse nunha escola de Salamanca, ca un bilingüismo castelán-galego para un neno de fala galega de Santiago, ou un trilingüismo euskera-castelán-francés para un euskera-parlante de San Sebastián.

As diferencias entre as linguas, os grados de dominio de cada lingua, as motivacións para aprendelas, a metodoloxía para ensinalas, o grado de preparación do profesorado (que pode ser bilingüe ou non), o material empregado, o número de horas destinado a cada lingua, a evolución ó longo do curriculum dando maior ou menor importancia a cada unha ou manténdooas e empregandoas por igual, os obxectivos perseguidos co ensino bilingüe, a composición do alumnado de cada aula, etc., son aspectos a considerar e investigar.

Outros aspectos son os económicos, administrativos e organizativos. Evidentemente, unha educación de calidade ten uns custos maiores. A introducción dunha segunda ou terceira lingua encarece o ensino e dificulta a organización (8).

A educación bilingüe preséntase coma un reto e un obxectivo que debe afrontarse colectivamente. Non só polos distintos sectores profesionais do ensino, senón pola mesma sociedade e órganos administrativos. Ten que ser obra de todos.

#### BIBLIOGRAFIA

- (1).- M. Siguan, *Lenguaje y clase social en la infancia*, I.C.E. de la Universidad de Barcelona, Pablo del Río, Madrid, 1979, pp. 7-18.
- (2).- R. Titone, *Bilingüismo y Educación*, prólogo de Joan Mestres, Fontanella, Barcelona, 1976, pp. 1, 2.
- (3).- R. Ll. Ninyoles, *Idioma y Poder Social*, Tecnos, Madrid, 1978, p. 22.
- (4).- R. Titone, *Bilingüismo y Educación*, Fontanella, Barcelona 1976, p. 13.
- (5).- R. Ll. Ninyoles, *Idioma y poder social*, Tecnos, Madrid 1978, pp. 30-31.
- (6).- I.C.E. Universidad de Barcelona, *Bilingüismo y Biculturalismo*. CEAC, Barcelona 1978, pp. 284-288.
- (7).- I.C.E. Universidad de Barcelona, *Bilingüismo y Biculturalismo* . CEAC, Barcelona 1978, pp. 271-274
- (8).- R. Titone, *Bilingüismo y Educación*, prólogo de Joan Mestres, Fontanella, Barcelona 1976, pp. 3-4.